



CONSULTA E EMPRÉSTITO

A biblioteca pódela usar todo o alumnado, os membros das Asociacións da EOI Ferrol e o persoal do centro para a consulta e/ou o empréstito de libros, revistas, CDs e DVDs. O material de consulta (os dicionarios e as enciclopedias, as revistas e os xornais) só poden consultarse en sala.

¿Cómo acceder ao servizo de empréstito?

É necesario ter o carné da Escola ou dunha Asociación do curso vixente para a obtención do carné de biblioteca que logo será preciso presentar no momento da realización do empréstito.

Empréstito :

Pódense levar ata tres exemplares durante 15 días, renovables.

Libros de texto en curso: 3 días

DEVOLUCIÓN DO EMPRÉSTITO

O material devolverase no prazo acordado e en bo estado. Depositarse na caixa habilitada na biblioteca onde permanecerá en corentena.

Se a biblioteca está pechada, pódense deixar os materiais prestados no buzón de devolucións do corredor.



USO DOS ORDENADORES

SERVIZO WEB, DE AUDIO E VÍDEO

Hai computadoras á disposición do alumnado. Están destinadas para o uso de CDs, DVDs, consultas do correo electrónico e de páx. de Internet para a aprendizaxe de idiomas.

O tempo máx. de utilización será de 30 min. cando haxa espera, previa anotación do nome, nº de carné e hora de comezo na mesa do bibliotecario de garda.

Pódenselle pedir auriculares ao persoal de garda co fin de non molestar aos demais.

Todo será hixiénizado antes e despois do seu uso.

LECTORES ELECTRÓNICOS

Hai catro e-books dispoñibles con libros dixitais dos clubs de lectura e outros títulos escollidos.

Solicítanse ao bibliotecario e hai que asinar un formulario de empréstito.

SALA DE LECTURA, AUTO-PRÉSTAMO

A nova sala de lectura está no segundo andar. Nela poden ler ou estudar un máx. de 4 persoas simultaneamente.

Habilitouse un andel de auto-empréstito con lecturas en diferentes idiomas. A devolución deses libros farase na caixa da biblioteca ou no buzón do corredor para garantir a súa corentena.



PROTOCOLO SANITARIO

- Aforo máx. da biblioteca: 15 persoas.
- Limpa as mans ao entrar e ao saír.
- Podes sentarte nos postos sinalizados.
- Limpa o teu posto cun pano e solución desinfectante antes e despois do seu uso.
- Non compartas material.
- Evita tocar superficies que non uses (libros, andeis, mesas...).

TABLA DE CLASIFICACIÓN DECIMAL UNIVERSAL:

CDU	
Alemán	AL
Español	ES
Francés	FR
Galego	GA
Inglés	IN
Italiano	IT
Portugués	PO

MATERIAS DISPONIBLES E SINATURAS:

0. OBRAS XERAIS

- 006 Normalización lingüística
- 008 Civilización e cultura en xeral
- 02 Biblioteconomía
- 030 Enciclopedias, dicionarios
- 050 Publicacións periódicas ou seriadas
- 087.5 Literatura infantil
- 087.6 Cómics,

3. CIENCIAS SOCIAIS

- 35UE Administración pública (UE)
- 37.02 Didáctica e metodoloxía
- 371.2 Exames, tests
- 371.3 linguaxe especializada, fins específicos

6. CIENCIAS APLICADAS, TECNOLOXÍA

- 62 Tecnoloxía (CD-Rom, multimedia)
- 641 Arte culinaria, gastronomía

7. ARTE

- 7 Arquitectura, escultura, pintura, fotografía
- 78 Música
- 782 Ópera
- 791 DVD cine, teatro, animación
- 791 DOC DVD documental
- 796 Xogos e deportes

8. LINGÜÍSTICA E LITERATURA

- 81 Lingüística
- 81.D Destrezas (Competencia lectora, escrita, auditiva, oral)
- 81'34 Fonética, fonoloxía, pronunciación
- 81'35 Ortografía
- 81'36 Gramática
- 81'37 Vocabulario, léxico, semántica
- 810 A1/A2 Libro de texto A1/A2
- 810 B1 Libro de texto B1
- 810 B2 Libro de texto B2
- 810 C1 Libro de texto de C1
- 810 C2 Libro de texto de C2
- 82(09) Historia de la literatura
- 821 Literatura (novela, poesía, teatro,...) integral
- 821 A1/A2 Literatura adaptada A1/A2
- 821 B1 Literatura adaptada B1
- 821 B2 Literatura adaptada B2
- 821 AUD Audiolibro

9. XEOGRAFÍA, BIOGRAFÍAS, HISTORIA

- 910 Xeografía
- 929 Biografías
- 93 Historia

Exemplos:

Un libro de texto de alemán de nivel B2 sería: AL 810 B2

Un libro de preparación de exames de inglés sería: IN 371.2

COLABORAR COA BIBLIOTECA

Queres ser voluntario/a e colaborar connosco?

Se é así, fala coa persoa encargada da biblioteca ou envía un correo ao enderezo:

biblioteca@eoiferrol.org

HORARIO

A biblioteca abre de outubro a maio. O horario atópase:


- na porta da biblioteca
- na web: www.eoiferrol.org > biblioteca > horario

ESTAMOS NO FACEBOOK:

Se queres estar informado sobre as novas adquisicións da biblioteca, as actividades organizadas ao longo do curso, etc., faite amigo noso no FACEBOOK:



"Biblioteca EOI Ferrol"



Guía d@ Usuari@ da Biblioteca

"O que le moito e anda moito, ve moito e sabe moito".

Miguel de Cervantes



E-mail: biblioteca@eoiferrol.org



Biblioteca EOI Ferrol